

Eleccións sindicais... Máis que unha votación

Ya están aquí. Entre o 20 de Novembro e o 31 de Decembro o conxunto dos funcionarios, e con eles nós os ensinantes, poñeremos fin a situación de discriminación na que nos atopábase: a partir desda data dispoñeremos dos nosos representantes sindicais. Tiveron que pasar doce anos da morte do dictador para que se nos recoñecera este dereito.

Unhas insuficiencias evidentes.

A Lei de Representación Sindical dos Funcionarios é un instrumento que nos responde ós nosos intereses. Os sindicatos de Area Pública de CC.OO., temos reiterado dende a presentación dela os nosos elementos de crítica:

- a) Non recoñece o dereito á negociación colectiva en asuntos centrais (salarios, pensións...)
- b) Non recoñece os delegados de centro que garantirían unha maior participación dos ensinantes na toma de decisións das Xuntas Provinciais.
- c) Non respeta a proporcionalidade entre traballadores e representantes que hai na empresa privada.

Un momento decisivo.

Pese a elo irnos participar. E irnos participar por dúas razóns que resumen o carácter profesional-reivindicativo e sociopolítico que a Confederación Sindical das CC.OO., asume e practica:

a) Porque do resultado das eleccións deducirase o carácter da escola pública de aquí o ano 2000. Según sexa a LOSE teremos un sistema educativo ó servizo da maioría social ou reproductor e afianzador das desigualdades sociais. Según sexa o Estatuto do Profesorado teremos sentada las bases dun instrumento para avanzar cara ó Corpo Unico ou dun instrumento xerarquizador e divisionista. Ambas as dúas cuestións (LOSE, Estatuto) gardan estreita relación có resultado das eleccións.

b) Porque o grande reto que se dirime nestas eleccións non é quen vai gañar na Area Pública, senon se os funcionarios van impulsa-la consolidación dos sindicatos de clase ou van potenciar, a traveso das organizacións corporativas e exclusivistas, a aparición dunha terceira forza amarela, falsamente «independente». Estas dúas circunstancias convirten as eleccións sindicais para os ensinantes nun momento decisivo para a nosa profesión e decisivo para o mapa sindical de Galicia e do Estado Español.

¿Que propoñemos?

Neste mural incluímo-los eixos fundamentais do noso programa reivindicativo. Se tivésemos que resaltar un rasgo falaríamos da súa coherencia. Coherencia co que ó longo destes anos temos difundido e que paulatinamente, ten orientado a discusión o debate e a participación de numerosos compañeiros das loitas sindicais do ensino. Coherente tamén cos nosos obxectivos de dignifica-la escola pública galega e mellora-las nosas condicións de traballo.

Por eso vos chamamos a vota-las nosas candidaturas formadas por mulleres e homes (afiliados e independentes) que se teñen caracterizado por xogar un papel decisivo nas reivindicacións laborais, na práctica da xestión democrática dos centros ou nas tarefas da renovación pedagóxica.

Por eso nos comprometemos, dende as Xuntas Electorais, a defende-los mecanismos que garanticen e faciliten a mais ampla participación nas votacións: o maior número de mesas posibles, media xornada para votar, etc...

Tamén nos comprometemos a impulsa-las eleccións de Delegados de Centro a traverso dos representantes que poidamos obter nas Xuntas de Personal.